

XXII PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS

Obra: *Raclette*

Autor: Santiago Cortegoso

A obra

Apuntamentos do xurado:

Na súa decisión de outorgarlle a *Raclette* o Premio Álvaro Cunqueiro, o xurado destacou, dunha banda, a solidez dunha estrutura dramática onde os personaxes, ben construídos e verosímiles, acadan un sutil equilibrio entre a ironía e o humor corrosivo; e doutra, o dramatismo, sabiamente dosificado, co que se nos transmite a realidade narrada.

Estas calidades, xunto a un ritmo áxil dos diálogos e á actualidade dun argumento que, de xeito incisivo e por momentos un tanto paródico, pon o dedo na chaga dalgúns problemas da nosa sociedade (hipercompetitividade, incomunicación, sobreprotección), fan que este texto posúa os ingredientes necesarios para seducir un amplo abano de público. O evidente coñecemento que o autor amosa do feito teatral fai que, ao ler o texto, poidamos doadamente imaxinar a peza enriba dos escenarios, pola súa elevada funcionalidade tanto no nivel dos personaxes como no seu propio desenvolvemento escénico-estrutural.

Apuntamentos do autor:

A 'raclette' é un xeito de comer en comunidade inventado polos pastores suízos que, para escorrentaren o frío e a soidade da montaña, se reunían arredor dunha pedra quente ao lume para ir cociñando nela, a medida que comían queixo, carne e verduras. Esta 'raclette' urbana e contemporánea une, durante unha cea, dúas tramas que aparentemente non teñen relación, pero que conviven e se entrelazan para rematar contando unha historia terrible que trata temas universais como a morte, a parella, a maternidade, a cobiza e a violencia.

Os cinco personaxes sentados á mesa conforman un complexo mosaico humano: dunha banda, un actor de teatro alternativo, unha axudante de dirección dunha serie de televisión e unha enfermeira promotora dunha horta urbana; doutra, un xornalista en paro e unha zoóloga. Cinco universos que reflicten as contradicións dunha sociedade enferma que devora os seus integrantes.

O autor

Santiago Cortegoso é actor, director de escena e autor de textos teatrais. Coa súa compañía, Ibutrofeno Teatro, leva producido *A filla de Woody Allen* (finalista nos Premios Max 2011 a Mellor autor en galego), *Pequenos actos pseudorrevolucionarios* (Premio María Casares 2013 ao Mellor texto orixinal) e *Fitness* (espectáculo de rúa). Outros traballos como autor son: *Smoke on the water* (Premio MOME Varela Buxán 2013), *El charco de Ulises* (subvencionado en Iberescena 2010 e editado por Artezblai), *0'7% Molotov* (Premio



Rafael Dieste 2009, publicado pola Deputación da Coruña, estreado por Teatro de Ningures, nomeado ao Mellor texto orixinal nos premios María Casares 2012 e finalista nos Premios Max 2012 a Mellor autor en galego), *Homes... Mulleres: O paraíso terreal* (para Teatro de Ningures, 2010), *Des-memoria-2* (para Disque Danza, 2009), *Os Comicos dell'Auto* (para Teatro de Ningures, nomeado a Mellor texto orixinal nos premios María Casares 2009), *Hámster* (seleccionado en Magalia 2008, publicado no nº 60 da RGT e estreado na Sala Triángulo de Madrid) e *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica* (publicado en Ed. Morgante, 2010).

VIII PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL

Obra: *Xogando con gatos*

Autor: Antón Cortizas

A obra

Apuntamentos do xurado:

Non é casual que o gato sexa o animal doméstico máis presente na literatura popular infantil porque posiblemente sexa o que mellor encarne o espírito lúdico da infancia. O xogo, a vida en liberdade, a inmortalidade (sete vidas ten un gato), o gusto pola aventura son algunhas das características que lles atribuímos aos gatos que aparecen reflectidas nesta literatura.

Xogando con gatos bebe neste rico acervo popular de transmisión oral, cancións, adiviñas, lengalengas, contos de fórmula, de nunca acabar e sortes de botar, no que o protagonista é un gato. O autor, as veces sen modificar nada e outras xerando unha nova versión dunha canción xa coñecida, consegue enfiar todo este material nunha trama que pretende facer visible a desaparición gradual á que se ve sometida toda esta literatura relacionada co xogo e a vida social das crianzas. Deste xeito, loita contra ese esquecemento por dúas vías: a primeira, denunciando a través da mensaxe da obra como os xogos tecnolóxicos condenan o neno á soidade, ao divertimento exercido dunha forma pasiva e ao confinamento nas casas; e a segunda, recuperando para o lector ou espectador bastantes exemplos desoutra forma de xogo, social, creativa e en liberdade, actualizándoos nalgúns casos, e poñéndoos en relación dentro dunha historia que os dota de sentido e que serven ademais para comezar a xogar no mesmo momento en que se lea ou vexa a obra.

O texto propón ademais unha teatralidade rica en recursos no que teñen cabida diversas linguaxes escénicas. O musical, a danza, o mimo, as marionetas e o teatro de sombras danse a man nesta proposta, constituíndo un magnífico material para un traballo multidisciplinar nas escolas. Pero posibilita tamén a creación dun espectáculo de gran formato que para os nenos de hoxe en día constituía unha referencia polo que ten de divertido, ensoñador e interactivo e que ao mesmo tempo xere elos emotivos e identificativos cos pais e cos mestres, moitos deles vividores dun pasado non tan arredado, no que o xogo constituía, aínda, a mellor maneira de aprender a vivir en sociedade.



Apuntamentos do autor:

Constátase que hoxe en día os cativos e as cativas non brincan nin enredan coma se facía décadas atrás. É a mudanza dos tempos. Os novos medios (TV, xogos electrónicos, teléfono móbil, ipad, ipod, ietc...) así como a xeografía urbana desaxeitada (falta de espazos de encontro e recreo), alén de ocupación dos mesmos por outras circunstancias (rúas ateigadas de vehículos) e engadido todo isto ao forte descenso da natalidade que dá por resultado a escaseza de nenos (quer no medio urbano quer no medio rural –aínda conservando este toda a xeografía do xogo–) que dificulta, xa que logo, a concentración de nenos necesaria para que se produza o xogo colectivo e socializador. A todo isto aínda hai que sumar a por veces excesiva ocupación do tempo de vagar das crianzas en actividades regradas (deportes, música, tarefas escolares...) que lles resta posibilidades de desenvolveren o xogo libre e creativo. Quizabes, se os meniños e as meniñas xogasen como se xogaba en creatividade, liberdade e gratuidade, esta obra non tería razón de ser.

Estamos, pois, ante unha historia para lembrar a arte de xogar ou para descubrir o xogo popular, que se presenta enriquecido con variados elementos coreográficos e musicais. Introdúcense na trama xogos e textos de literatura oral nos que os gatos interveñen como personaxes dos mesmos. Algúns destes textos reproducense directamente do patrimonio cultural galego, mentres noutros o autor realizou algunha transformacións para adaptalos ás necesidades da historia que se narra. As voces en off, os silencios, a música dos xogos e as letras das cancións e das lengalengas, remarcados por xogos de luces, sombras chinesas, mimo, monicreques, danza e poesía, así como a implicación de parte dos espectadores, son a esencia desta dramatización.

O autor

Antón Cortizas Amado (Ferrol, 1954), mestre de profesión, é un dos autores máis premiados e traducidos da literatura infantil e xuvenil galega. Deuse a coñecer co relato *A media muller*, co que obtivo o Premio Curuxa de Humor de Fene en 1986. Foi galardoado co premio Merlín en 2001 por *A merla de trapo* (2001) e acadou en tres ocasións o premio O Barco de Vapor con *Memorias dun río* (1988), *O conto dos sete medos* (1991) e *Os gritos das illas Lobeiras* (1995). Tamén recibiu en dúas ocasións o premio da Mostra de Teatro Xeración Nós polas obras *O coleccionista de sombras* (1990) e *Incrible invento de Solfis, a pianista* (1994).

Ten publicado ademais, entre outros, *O lapis de Rosalía* (1992), *A bruxa sen curuxa* (1993), *O merlo de ferro* (1995), *Historias e algún percance todas ditas en romance* (1996), *Leonel* (1996), *Contos de vento e de nunca acabar* (1999), *Dominicus o dragón* (2001), *¡Cázame ese pensamento!* (2001), *O coleccionista de sombras* (2002), *Onde o sol non adormece* (2003) e *Vaia tropa!* (2011).

Como investigador son seus os títulos *Chirlosmirlos. Enciclopedia dos xogos populares* (2001), *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota* (2010) e *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais* (2013).



XI PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES. MODALIDADE ADULTOS

Obra: *Ela, piedade dos suicidas*

Autor: Xavier Lama

A obra

Apuntamentos do xurado:

Ela, piedade dos suicidas é unha nova visita ao vello mito grego de Orpheo e Eurídice que se fixera xa texto dramático na perda traxedia de Esquilo e que continuou reescribíndose de xeito incesante, dando lugar a creacións moi variadas ao longo de máis de dous milenios. Este actual Orpheo é máis poeta que bardo; a súa arte lírica é sortilexio e salvoconduto para obter o privilexio de saír do furado negro infernal. A vontade transgresora da peza move os marcos do gusto hoxe dominante cunha orixinal mestizaxe de xéneros, pois presenta unha proposta en verso libre que imprime alento de eternidade a unha escena de marcado carácter obxectual, cohabitada por sombras, pantallas, máscaras e, quizais, mómaros.

O autor materializa aquel vello soño de Rafael Dieste de atopar o sublime estilo oral das estatuas, recuperando a paradoxal estratexia das derradeiras montaxes de Teatro Antroido, onde unha opulenta disposición de aparellos se batía contra o desposuimento reinante no entorno. A achega, asemade, logra transmitir unha percepción coherente e anovada do mundo, sen abandonar as estruturas definidoras do mito. Somete á nosa consideración cal dos dous ámbitos é máis infernal: o do alén ou o dunha "vida" que aniquilou a Eurídice por sobredose de heroína na antecámara nupcial. Nesas, só os adxectivos son quen a redimirnos. E grazas.

Contén esta peza as claves dun proxecto escénico moi ambicioso conseguido mediante o recurso aos obxectos, o que o fai viable nestes tempos de recortes económicos e, xa que logo, de elencos retraídos.

A calidade lírica das falas dos personaxes é altísima e dá moita profundidade a unhas figuras dramáticas deseñadas cunha técnica moi rendible e pouco vista hoxe.

Reivindica a potencialidade enriquecedora da palabra en escena de modo que o texto se dá a valer coa dignidade propia do que non é un simple pretexto ou produto subordinado.

Apuntamentos do autor:

Ela, piedade dos suicidas é unha histórica órfica de descenso aos infernos na procura da muller idealizada. O protagonista, un trasunto de Orfeo, busca o amor, ou un espellismo do amor, quizais unha percepción do eterno feminino que o acaba deixando desposuído e ancorado nunha melancólica derrota. Trátase dunha obra en clave poética que fala non só do abismo entre a vida e a morte, senón tamén do abismo entre a realidade e o desexo.



O autor

Xavier Lama naceu en Santa Euxea, pertencente ao concello de Guntín, en Lugo, o 12 de xullo de 1962. Licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid, conta tamén con estudos relacionados con Publicidade, Economía, Comunicación Audiovisual e Xestión Cultural. Traballa no eido televisivo e foi profesor da USC durante doce anos na Facultade de Ciencias da Comunicación (Santiago) e na Facultade de Humanidades (campus de Lugo).

Colaborou como columnista e comentarista en distintos medios: *El País*, *Liberación*, *La Luna*, *El Correo Gallego*, *Heraldo de Aragón*, *El Correo* (País Vasco), *Diario de Navarra*, *La Crónica de León*, *Canarias 7*, *Radiocadena Española*, etc.

Polos seus traballos xornalísticos recibiu galardóns como o Mirador de la Complutense, Air France para novos periodistas, *Galicia de Xornalismo* ao mellor artigo do ano 1989, *L'Oréal* de periodismo literario, *Borobó*, etc. Obtivo diversos premios no ámbito literario: Álvaro Cunqueiro de narrativa (convocado polos concellos de Vigo e Mondoñedo); en teatro, o Camiño de Santiago, Rafael Dieste, María Casares e Manuel María; no eido da poesía, o Esquíu e o González Garcés, entre outros. Estreáronse catro dos seus textos teatrais e dúas desas obras (*O peregrino errante que cansou ao demo* e *Memoria de Antígona*) púxoas en escena o CDG. Representáronse en festivais teatrais como o da Fundación Argentaria en Madrid, a Mostra de Autor Contemporáneo de Alacante, ou o FITEI do Porto (Portugal).

Conta con obra publicada en dezanove libros como autor ou coautor. Ademais, ten presentado relatorios en distintos congresos culturais celebrados en Nova York, Oxford, Tréveris (Alemaña) e no Porto, entre outras cidades.

XI PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES. MODALIDADE RAPACES

Obra: *O lobo e a lúa*

Autor: Andrea Bayer

A obra

Apuntamentos do xurado:

Un lobo ouvéalle á lúa para que esperte. Ten algo moi importante que lle dicir. Dous animais pídenlle que cale. Temen que os ouveos esperten un gato rabudo que vive alí mesmo. A insistencia do lobo fai que os animais fuxan buscando acubillo. Que quererá contarlle o lobo á lúa? Conseguirá o seu propósito sen que o gato esperte e o escorrente?



O lobo e a lúa tece unha trama clara e atraente, adaptando claves de intriga e suspense ao imaxinario dos máis pequenos. Os desexos, os conflitos e as emocións presentadas resultan facilmente recoñecibles e contribúen harmonicamente á evolución do drama.

En *O lobo e a lúa* recoñece o xurado unha innegable vontade escénica: imaxes suxestivas e precisas, xogos dinámicos ben inseridos na situación dramática, personaxes de caracterización definida e unha temática axeitada para a franxa de idade á que vai dirixida a peza. En definitiva, unha obra dramática moi axeitada para recoñecer e poñer en valor a singularidade da arte dos monicreques, que cremos engaiolará a un público familiar.

Apuntamentos da autora:

Nun prado azul vivían Nina a tartaruga, Duarte o elefante e Miñao, un gato malhumorado. Na rocha do prado azul tamén vive o noso protagonista, un pequeno lobo que non pode durmir, por iso precisa falar coa lúa, pero a lúa non o escoita; está moi lonxe. Na súa busca e, de casualidade, coñece a Mariano, un rato divertido e medorento que lle axudará ou non; no prado azul esta noite ninguén pode durmir!

O lobo e a lúa é unha peza teatral tenra, divertida e intrigante na que os seus personaxes conviven a pesar das súas diferenzas. Ninguén é tan bo como aparenta, nin tan malo como parece. Unha historia de amizade, superación dos propios medos e de amor.

A autora

Andrea Bayer é actriz, guionista e directora teatral. A súa primeira compañía profesional foi Galitooon CSA 2005, coa que dirixiu e escribiu diferentes espectáculos como: *Golulá* (Premio ao mellor espectáculo infantil na X Feria de Ciudad Rodrigo, Premio ao espectáculo máis innovador na XXIV Mostra de Teatro de Ribadavia, Espectáculo mellor valorado polo público infantil na IX edición da Programación de Domingos do Principal 2008), *Babiliglub* (participou en Fetén 2008).

A finais de 2010, Andrea Bayer, xunto con Óscar Ferreira, inician unha nova andaina con Baobab Teatro. Para esta compañía escribiu e dirixiu espectáculos como *Fíos* (nomeada aos premios MAX 2013 na categoría de autoría teatral galega, espectáculo seleccionado na XV Feria de Castilla y León), *Babs* (seleccionada en FETÉN 2013) e *O soldadiño de chumbo* (seleccionada en Galicia Escena PRO 2013).

En 2012, Andrea recibiu unha mención de honor no III Certamen de Cuento en corto, certame internacional de contacontos, polo seu conto *Doña Margarita y la luna*.

